

COACH RELACIONAL

"Na sociedade brasileira temos máis experiencias que na española, non temos tantas relacións formais como aquí, dos 14 aos 20 permitímonos coñecer moitas persoas, inda que sexan mozos dunha semana".



Nacín no Brasil, concretamente en Sao Paulo, e gradueime en Comunicación e Marketing. Traballei moitos anos en empresas multinacionais utilizando diversas linguas e sempre gostei de viaxar e coñecer novas culturas. Xa vivira noutros países como Alemaña, Francia ou USA, pero como as miñas orixes son españolas un día decidín mudar de país e vir vivir a España. Escollín Madrid por ser unha cidade que se asemella moito a Sao Paulo e comecei a traballar para OHL.

O que máis me gusta é axudar ás persoas, para iso formeime como Coach relacional na escola americana e comecei a facer sesións cunha amiga que me referenciou a outra amiga e así comecei a miña carreira profesional. Hai un par de meses mudei para A Coruña e agora estou aquí para revelar o coaching a todas as persoas que teñan interese en saber máis.

"O coaching é acompañar a unha persoa a lograr os seus obxectivos de forma práctica e directa", por exemplo, axudar a un adolescente a escoller a mellor opción para unha carreira profesional e identificar características emocionais para cursar esa carreira".

Estiven recentemente nun curso en Ibiza e atopei un alumno que era músico e que compartiu a súa historia persoal. Explicaba que a raíz de ser pai decidira buscar un traballo formal deixando a un lado a música por considerar que non lle permitiría gañar o suficiente. Preguntei que lle impedía ser un músico de éxito con máis ingresos e quedou pensando que non había nada que llo impedira. Daquela, se nada cho impide dedícate a ser un músico de éxito, porque estás perdendo o teu tempo e

dentro de 20 anos vas culpabilizar ao teu fillo de ter deixado a música por coidar del e, o teu fillo non vai ter resposta para iso. Este alumno tiña unha crenza que o limitaba e, inda sabendo que o seu talento era a música, pensaba que era para unha tempada dentro da súa vida. Ao día seguinte foi tocar e, cando volveu, xa se sentía como liberado, explicounos que o compartira coa súa muller e que ela de contado o animara para que fora tocar e compatibilizar co traballo formal.

De relacións e outros vínculos...

É bonito ter un mozo ou moza guapo, pero a relación vai máis alá diso e ese máis alá é través do outro, porque a través dos demais coñecémonos mellor a nós mesmas. Cando estamos cunha persoa facémolo para transformarnos con esa persoa, descubriendo o universo a través do outro e desexando coñecernos a través del/dela. Hai que exercitar o feito de compartir coa moza ou mozo, porque na adolescencia a relación amorosa é máis de identificación co grupo.

"Creo que a esta idade os intercambios son moi válidos, e non falo de promiscuidade, pero son máis favorable a exercitalos nesta idade para despois ter relacións de vida axeitadas. En España pasa o contrario, onde se ten un mozo desde idade temperá e logo esa relación prolóngase demasiado no tempo, dez anos ou máis e logo senten que teñen que concluír isto cunha relación formal. De aí que haxa moitas separacións e divorcios froito destas relacións desde idades temperás, polo que considero hai que repensar as relacións na adolescencia para despois ter unha parella desde o amor verdadeiro".